

O MELLOR AGASALLO: RECICLA O TEU NADAL

Logo de varios anos celebrando o Nadal por separado debido á pandemia, nesta ocasión retomámolo con ilusión, con moitas gañas de reencontro e seguramente cunha maior preocupación pola nosa pegada ecolóxica; preocupación que debe reforzarse nesa loita sen cuartel que debemos librar contra o cambio climático.

Non se trata de facer grandes sacrificios, senón de recuperar valores, de establecer prioridades, de reverter malas prácticas e de evitar o malgaste.

Podemos gozar destas Festas gastando racionalmente e con control, de tal forma que o noso peto, xa afectado pola elevada inflación, non sufra máis do necesario.

O que podemos facer:

01 Planifica a compra

Fai unha listaxe do que necesitas, adquire produtos a granel ou co menor envase posible. Rexeita as bolsas plásticas e leva o teu carro ou a túa bolsa.

02 Alimentos

Elíxeos de calidade, de tempada e quilómetro cero, é dicir, que se produzan preto de onde vives. Con isto diminuirás en boa medida as emisións de CO₂ á atmosfera.

03 Aforra

Non é preciso adquirir os produtos máis caros para paladear un menú de primeira. Artigos a prezos alcanzables elaborados con agarimo converteranse nun auténtico manxar.

04 Cociña

Axusta as cantidades ao número de comensais, evita o desperdicio alimentario e aproveita as sobras para a elaboración de novos menús.

05 Mobilidade cero emisións

Os desprazamentos son inevitables nestas datas. En traxectos de proximidade, camiñar ou pedalear poden ser unha magnífica alternativa para a saúde e o medio ambiente. En distancias longas, opta polo transporte público.

06 Agasallos con conciencia eco

Non é necesario comprar artigos de luxo para satisfacer aos agasallados. Algo feito por ti, produtos naturais, artesanais, elaborados por grupos sociais en risco de exclusión, comercializados en tendas de segunda man, etc, poden ser unha boa opción.

07 Decoración

Aposta polo ecolóxico, materiais reciclados e evita todo o que implique usar e tirar.

08 Iluminación

De baixo consumo e durante o tempo xusto.

09 Prevención de residuos e reutilización

Consume de forma responsable e alonga ao máximo a vida útil dos produtos.

10 Máis reciclaxe

Separa os refugallos en orixe para que poidan ser reciclados e convertidos en novas materias primas.

Lembra:

- **Contedor amarelo:**
Envases de plástico, latas e briks.
- **Contedor azul:**
Papel e cartón.

• **Iglú verde:**

- Envases de vidro.
- **Contedor marrón:**
Materia orgánica.
- **Contedor convencional:**
Fracción resto.